

Sen folgos

Diario do impostor · *Héctor Carré* · Xerais, 2007 · 390 páx. · 16 euros

Un programador de ordenadores séntese impelido a facerse pasar por director de cine perante unha moza á que quere conquistar; o detalle carecería de importancia se a moza non fose produtora de cine e non o recomendase para dirixir unha película. Aí comezan as tribulacións do protagonista que, ignorante do medio no que se ten que desenvolver, vese mergullado nun contorno por completo alleo do que non domina a xerga nin os aspectos técnicos máis elementais.

O groso da novela (42 capítulos), inserida entre un prólogo e un epílogo sen numerar escritos na época actual, está ambientada nos anos noventa, cando Onofre García (ou Garciya) era máis novo e irreflexivo. Nada que apoñer a un recurso case tan vello coma o mundo. A lectura da obra resulta fluída e mesmo agradable até que comezan a repetirse explicacións técnicas demasiado específicas sobre a arte cinematográfica, os apuros que pasa o neófito para comprender de que lle están falando e a reincidencia na súa situación anímica por terse metido nesa lea. Ao longo das páxinas salta do terror máis puro á soberbia en medio de situacións máis ou menos previsibles que fan que a obra perda fol cara á metade e nos faga preguntarnos onde quedou a trama trepidante que prometía.

En efecto, a incidencia en aspectos que xa se trataron e que non achegan nada á progresión da acción produce unha canseira que anula gran parte do pracer primeiro. Incluso o humor e ironía que se desvelaban coma características senlleiras desde o comezo van perdendo forza a medida que se avanza na lectura. É posible que o autor nesta súa primeira novela se deixase levar pola facilidade que o xénero permite de contar demoradamente, mais bótase de menos unha selección da información xa fornecida que, se cadra, faría máis áxil e orixinal a obra e a liberaría de non poucas páxinas que a alongan sen ningunha xustificación.

A pesar de estar contada en primeira persoa polo protagonista, apreciamos certas incoherencias no narrador, por exemplo ao saber este que pensan en determinados momentos outros personaxes, detalles que chían nun conxunto que podía ter dado máis de si. Tamén melloraría a obra se se coidase máis a tarefa de corrección, pois algúns erros bastante elementais desloquen unha prosa en principio aceptable.

// Uxía Casal